

Este é un caso de acoso laboral con graves consecuencias persoais. O seu contexto é o proceso de privatización dun servizo público. O seu escenario é Correos. Os actores principais ostentan posicións de poder, e apóianse nel para danar á persoa: son un xefe e un médico.

A forma en que se exerce o acoso é moi destrutiva, e abrangue moitos planos: mina a saúde física, mina a saúde psicolóxica sometendo a sentimentos de culpabilidade e depresión, e mina tamén as relacións sociais e a propia autonomía económica.

Non é un caso onde o que desperta reprobación sexa simplemente o propio abuso, senón que conmoven as consecuencias sobre a integridade da persoa que este abuso chega a acadar.

A situación está actualmente en proceso xudicial. A publicación de declaracións contra a empresa podería ser utilizada contra a persoa, polo que se optou neste documento por unha versión despersonalizada e anónima. Modificáronse as referencias aos lugares e as datas e cambiouse o nome da persoa.

O documento que aquí elaboramos respecta o relato tal como foi contado, e só para facilitar a lectura introducimos frases propias. É necesario dicir que o relator ten dificultades para dar detalles, xa que revivir as situacións sacode aínda fortemente o seu ánimo.

Acceso a un emprego estable

O servizo de Correos foi o espazo a través do cal José atopou un emprego estable. Primeiro traballou como contratado e posteriormente aprobou as oposicións. O seu posto é de auxiliar de clasificación e reparto.

Empecei a traballar en Correos como contratado do ano 98 ao 97, no que a vida laboral miña foron 2503 días como contratado, e nunca tiven doenza ningunha, nin psiquiátrica, nin dermatolóxica, nin ningunha das que teño agora.

Eu como contratado traballei tanto en atención ao público como en reparto, tanto en urbana como en rural. Despois a miña dedicación foi case sempre de auxiliar de clasificación de reparto.

Nos case cinco anos que traballei de contratado apenas tiven unha ou dúas baixas puntuais.

Inicio do acoso e dos síntomas físicos

No ano 97 saquei a praza de funcionario e foi cando marchei para Tenerife. Ao ano de estar traballando en Tenerife empezaron a saírme problemas dermatolóxicos, alérxicos... A miña psicóloga dixo que podían ser trastornos psicosomáticos.

Non é sempre a mesma forma a do acoso. No meu caso consistía en poñerme fóra de contacto dos compañeiros de traballo, metido nun cuarto, e dándome pouco traballo. Pero aínda que me daba pouco traballo me recriminaba e me dicía que me ía expedientar por baixo rendemento. Ademais dos berros, insultos, menosprezos...

Eu empezaba a traballar e saíame dermatite, soriase e todos eses rollos. Deixaba de traballar e aos dous días pasábame todo. Pero se me reincorporaba ao traballo, aos dous días volvíanme saír os problemas dermatolóxicos.

Estiven case tres anos de altas e baixas. Aos servizos médicos comenteille o que me estaba facendo o xefe. Había compañeiras que estaban contratadas e que acompañei alí ao médico, por problemas de ansiedade. Porque non era só contra min con que exercía presión o xefe. Púxenme en contacto coa superior do xefe, para que chamara a atención do xefe e deixara de presionar, pero foi peor.

Correos está nun proceso de privatización que fai que estean metendo moita caña. A forma en que me tocou a min foi por exemplo, que en vez de escoller aos xefes de entre persoas formadas, escóllenos de entre a xente que está no reparto, e iso mételle máis presión, porque se non o fai como se espera, devólveno a reparto. Hai xente que o leva ben e outra que non sabe mandar. Eu nunca tiven problemas con ningún xefe e ao chegar alí, eu e outras persoas, tivemos problemas, que non nos enteramos ata despois de cinco anos de que era o que pasaba... Esa raiba e a ira que tiña non sabía que respondía a un cadro tipificado.

Eu seguín para adiante sen denunciar ningún caso de presión do xefe, nin nada. O acosado ao principio non se entera do que lle pasa. Estiven cinco anos sen saber o que era un cadro de acoso.

Cando se describe aos acosadores laborais moitas veces se fala de perfís paranoicos que non soportan que traballes contento e fan o posible para facerche un calvario. No meu caso moitos sábados o xefe viña aínda borracho e viña ameazando, baboseando... e iso lévate a que non perdoes, e afecta a estar cada vez máis débil de saúde.

Traslado a A Coruña

Pedín o traslado a A Coruña en 2002, pensando que sería mellor, e que se ía acabar todo. Pero cando cheguei aquí tiña unha sanción por facer unha queixa antes de marcharme.

Collera xa baixa laboral alá. Despois de que eu denunciarei, empezou a haber ameazas de denegacións de baixas. Estando de baixa non podes saír da provincia de A Coruña sen permiso da xefatura provincial. Eu tiña unha viaxe pagada a Tenerife, co billete xa quitado, e denegáronma, como forma de acoso.

Todos os meses teño que entregar un parte de baixa, do médico de cabeceira. Ese parte de continuidade vai aos servizos médicos de A Coruña, que din se é favorable ou desfavorable. E nas consultas médicas alí ameazan con non darme a baixa e están presionando. Ao final é todo de palabra, pero na miña situación aféctame. Houbo veces en que me deron ataques de ansiedade e tiven que ir a urxencias.

Eu estaba de baixa e o médico dicíame: 'agora vanche retirar a metade do salario e agora como vas vivir en Coruña?. Se cambias de residencia tes que dar conta. Eu solicitei o cambio por prescripción médica, por apoio familiar, e de principio dicíame que non, e xerábame máis ansiedade... Aínda que despois tiveron que dicir que si.

Estes servizos médicos, con presión de denegacións de baixas, empeoraron a miña situación, e empecei a ter cadros de depresión.

Correos se está privatizando, e ten a consigna de evitar o absentismo. O médico que autoriza as baixas, en vez dun médico é un criminal, denega baixas, non fai caso, pretende dar caña por todos os sitios. O absentismo non baixou pero a xente está peor e ten medo a estar de baixa.

Nunha ocasión se me denegou a baixa. Entón presenteime ao traballo, pero denegáronme o permiso para entrar na oficina, seguindo ordes do xefe provincial. Fun a recursos humanos, e esperei ata recibir indicacións. De aí remitíronme ao xefe de carteiría e de aí a outro servizo... ata deixarme entrar.

Efectos físicos e psíquicos do trato recibido no traballo e nos servizos médicos da empresa

Agora atópome con cinco anos e algúns días de baixas laborais continuadas. Un 43% de minusvalía. Eu levo 10 anos con isto. Aos problemas iniciais dermatolóxicos, sumáronse despois os psíquicos, a depresión, a fobia. Tamén teño problemas cardíacos: ás veces vou a 30 pulsacións, e non me chega suficiente rego ao cerebro e desmáíome.

A forma de eu ter que contar sempre as mesmas cousas, dá un problema de culpabilidade, porque estar aí sempre, sempre, sempre, dando conta do mesmo... Coa actitude do médico da empresa, parece que o problema son eu, e non el.

Presión económica e vital

Ata un número de meses de baixa, págache a metade correos e a outra metade Muface. A partir deses meses (24 ou 28) deixan de pagarche unha das partes. Porque é unha irregularidade, porque hai un tope de tempo para a baixa continuada. A partir de aí tes que ir a un comité de avaliación, ou empezar a traballar ou xubilarte. En Correos eran 28 meses, pero seguen a darte de baixa e conseguen pudrirte, meterte na casa... Pasas a cobrar 490 euros ao mes.

Se estivera hipotecado, ou con familia, ou coa letra dun coche, tería que darme de baixa eu. Un pode loitar e chega un punto que ten que deixar esa loita porque ten que comer.

Despois cando cobraba 490 euros non querían deixarme vir vivir a casa dos meus pais e tiña que pagar o piso... É unha forma de presión económica. Ao figurar en activo en correos non podes traballar nin estudar nin nada.

A exclusión social é moi forte. Nos lugares onde me coñecen polo meu traballo de carteiro, non lles podo contar a situación da miña baixa, porque non me cren. Pensan que son vago, cuentista. Cos ingresos que teño non podo ir tomar nada, non podo facer cursos... Vanche achicando, achicando... e cada persoa é un mundo e podes aguantar máis ou menos. Eu estiven a punto de deixalo todo. E tanto os sindicatos como os avogados dinme que aguante, pero eu xa consumín moita saúde nisto.

Ti queres abrirte paso e no mundo laboral que me tocaba vivir non estou facendo nada, e aínda te fan

sentir a ti culpable... iso xera moita raiba. E tes moitos altos e baixos, que se o deixo, que se me animo a seguir.

A lentitude na xustiza e nos procedementos, outra tortura

Levo máis de cinco anos de baixa seguida, e iso é unha irregularidade. O corpo de funcionarios de correos é un corpo a extinguir. Nos cinco anos que tardan en avaliar a incapacidade laboral non podes traballar, nin estudar nin facer nada, e che dan 500 euros mensuais.

Isto é unha forma de presión a maiores. Utilizan a dilatación dos prazos para continuar co acoso e derribo. Estou metido nun fregado de carai! Eu antes ía contento a traballar, e nunca tiven un problema.

E para levar o acoso adiante sempre hai unha parte de sancións e de tratar de demostrar que a culpa é túa. Eu teño aínda unha sanción en contencioso. E unha tiven que cumprila, e o que argumentan é que o problema son eu porque teño dous expedientes disciplinarios.

Moitas veces pensei que podía ser eu o culpable, anque o meu carácter nunca foi así e non tiven problemas con ninguén. Hai xente que acabou de resolver o problema e matouse. É unha loita que queima tanto sobre tantos anos... Eu tamén tiven algún baixón total.

A denuncia e a loita

Nas actas de saúde laboral, mínimo tres sindicatos din o que estou dicindo eu, referido ao meu caso e a outros, e sinalando as mesmas persoas implicadas que me presionan a min.

A día de hoxe segue a haber problemas na oficina dos Cristianos e co doctor que leva todos os casos de correos da provincia de A Coruña. Por exemplo en Ferrol mandou traballar a unha persoa que estaba baixo tratamento de quimioterapia, ou acababa de rematalo.

O psiquiatra que me atende ten máis casos de persoas que sofren esta mesma situación con este mesmo médico, e está pensando en denunciar ao médico dos servizos de correos por mala praxis e falta de ética profesional.

Teño o servizo médico de Adeslas, pero para correos estes informes son só notas informativas, e prevalecen os informes dos seus propios servizos médicos. Son eles os que poden denegar ou non.

Sempre que fun ao médico, tanto dermatólogo como servizos de urxencia..., teño sempre informes (mostra unha carpeta con moitísimos informes).

E aí o psiquiatra xa me dixo que eu estaba incapacitado para traballar en correos.

Todos os informes que teño coinciden en significar o meu caso como froito da situación de presión, salvo o comité de valoración e os servizos médicos de correos.

Intervín nun programa de televisión sobre acoso, pero estou coa cara tapada, porque aínda enriba tes que estar con medo a novas represalias.

En Tenerife solicitei os listados de contratación para poder contactar coas compañeiras que tamén sufriron presión, pero os propios sindicatos mo negaron. Os sindicatos non axudan ao traballador, senón que só buscan beneficios para eles para captar afiliados. Eu tiven que sairme de CCOO, porque todo o que facía o sabía despois xefatura... Agora na CIG estanme tratando bastante ben.

Agora teño algunhas testemuñas, algúns clientes e outros contratados, porque os funcionarios están presionados.

E o acoso laboral é difícil de demostrar, hai uns informes médicos e unhas probas, pero non se trata pola vía penal. Mentres están os contenciosos non podes ir pola vía penal. Se o meu obxectivo, tal como me indican os psiquiatras, é saír canto antes de correos... A xustiza é moi lenta...

Noutro tempo quixen ir cun delegado sindical aos servizos médicos e non me deixaron. Quería que viñera para que fora testemuña. Logo deixaron que fora miña nai. Na forma de actuar que ten este médico, e non o digo só eu, mándache ir só para denunciarte e pon de testemuña á ATS e ti, pola túa banda, non tes ningunha testemuña. Este é o médico que traballa nos servizos médicos de correos.

Cando se ten acusado que o médico dispensa un trato vexatorio aos pacientes ou traballadores de baixa, eles responden que hai trato vexatorio destes traballadores-pacientes aos médicos.

O expediente disciplinario que me aplicaron a min basouse só nas declaracións unilaterais da parte de correos.

Como sempre me estaba ridiculizando, presionando... eu quería ir con alguén. El xa me denunciara algunha vez porque decía que eu o insultara... O que están buscando é collerche en algo. Agora o que alegan son as miñas sancións: os dous expedientes disciplinarios que buscaron eles para contraargumentar a miña denuncia. Iso creo eu.

A loita é sobre o caso concreto e persoal e non se dá entre moitos compañeiros de traballo, xa que eles non poden meterse... Hai casos en Granada, en Bilbao... e son casos particulares. Hai algunha oficina onde hai plataformas, sentadas... pero son mínimas. Hai que diferenciar entre conflito laboral e acoso laboral. Acoso laboral son unha serie de patoloxías, como a fibromialxia, a dermatite, os problemas psicossomáticos como a baixada das defensas... E o aumento do grao de incapacidade ata o 43%.

Na asociación na que estou vexo que axudo a moita xente que está fatal. E de todas formas non vou moito porque é estar sempre metido neste tema e non me vai ben. Pero é unha forma de asesorarme, de ver por onde teño que ir.

Na administración hai tantos casos de acoso... e dentro dela hai unha inspección. Pero o director xeral mandoume un correo para indicarme que me van chamar de inspección laboral de A Coruña, despois de catro anos, cando xa está todo prescrito...

O valedor do pobo e o defensor del pueblo non sirven para moito, xa que só consultan unilateralmente a unha parte, a Correos...

Xa che cansas de tanta resposta do tipo 'no procede', 'no procede'... E xa estou afeito.

Eu penso que é interesante, cando resolve o meu, traballar polo resto da xente. Este tema está moi

verde: a xente está feita unha caca, de depresións, intentos de suicidio... e non hai apoio da administración nin facultativos... É todo moi precario. O acoso sexual ten outro tratamento, pero todos os acosos son moi destrutivos. E o psicolóxico é moi duro e ademais ao ser na empresa, sempre se oculta máis. Existen tantos casos non denunciados... hai moita xente que deixa a empresa porque non atura. Na administración o feito de aprobar unha oposición faite quedar, aguantar e luchar ata o máximo. Méteste nun fregado.

Podería ter máis testemuñas, pero CCOO e a xefatura dixéronme que a información se estropeará cunha inundación (a pesar de que o arquivo está no 6º piso).

Eu tiven mala sorte de aprobar a oposición, contento como estaba, e que ao final niso perdera a parella, o piso, a situación económica e a saúde.

E foi tamén un problema estar cinco anos descontrolado (menos mal que non me deu por meterme en drogas ou algo así). Despois fun a un psiquiatra e vaime mellor.

Isto foi ata o ano 2003, pero este caso continúa.....